

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 23 DE OUTUBRO DE 2006

### 2.- Solicitudes de licencias de obras.

#### **FAVORABLES.-**

**1690/06.- Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.-**Mellora das condicións de accesibilidade e protección contra incendios do Centro de Educación especial de A Barcia.-

**1838/06.- Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor.-** Reforma de ascensor na Rúa Eduardo Pondal núm. 26.-

**1330/06.- Mallón Vilas S.L.-**Edificio (11 viv.) no quinteiro M14-1 do solo urbanizable programado SUP-6 de Sta Marta.

#### **PARCELACIÓN.-**

**1827/06.- Paulino Mallón Cebey.-** Parcela sita na Rúa da Muíña núm.29 (+).-

#### **CORRECCIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 11 DE SETEMBRO DE 2006**

**1197/06.- Ramón Quintáns Vilouta.-** Reestrut. Viv.if. na Rúa de Muros núm. 103, Roxos (erro no orzamento).-

#### **APERTURAS**

**Lap/271/06.- Plavimundo S.L.-** Licenza de funcionamento de garaxe comunitario en Vieiro 30B, bloque III-Fontiñas.-

**Lap/246/06.- Ponte Camelia, S.L.-** Licenza de funcionamento de garaxe comunitario na rúa Oblatas núm. 16.-

### **4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas de carácter social por un importe total de 1701,21 euros.

### **5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do casco histórico.**

Apróbanse as axudas para dúas vivendas e sete locais comerciais.

### **6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á ampliación do prazo para a xustificación das subvencións federadas.**

Apróbase a ampliación do prazo límite ata o 30 de novembro para a xustificación das devanditas subvencións.

### **7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización da celebración da XXIX carreira pedestre de Santiago.**

Autorízase a celebración da proba o vindeiro domingo 29 de outubro.

### **8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á xustificación dos gastos do convenio de colaboración co club de baloncesto Pío XII para o ano 2006.**

Apróbase a xustificación dos gastos.

### **9.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á solicitude de subvención para a mellora de infraestruturas da Escola Infantil Municipal de Conxo.**

Apróbase solicitar unha subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a realización de obras menores na Escola de Conxo, así como para o seu equipamento, por un importe total de 22.000 euros (12.000 para obras e 10.000 para equipamento).

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao aluguer de instalacións para a realización das actividades do proxecto CREAM.**

Apróbase a sinatura do contrato de aluguer do local de oficinas situado na rúa do Hórreo, nº 100, baixo, por un período de 7 meses, dende o 1 de novembro de 2007 ao 31 de maio de 2007, por un importe total de 16.240 euros.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Comercio e Mercados relativa ao apoio ao proxecto empresarial " CUBIERCOM S.L." para a súa cualificación como I.L.E.**

Acórdase apoiar o proxecto para a súa cualificación como Iniciativa Local de Emprego. O apoio consistirá especificamente na autorización do uso de instalacións do Centro de Formación Ocupacional se Sanxuás de Aríns e no acceso dos promotores do proxecto ás actividades formativas realizadas polo Concello.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación dos gastos do convenio de colaboración coa Cociña Económica para o ano 2006.**

Apróbase o gasto relativo á xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Cociña Económica, por unha contía de 9.015 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa ao Convenio entre o Concello e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a construción de centros de educación infantil O-3: Galescolas.**

Apróbase o inicio dos trámites para a firma do convenio con Vicepresidencia, por un importe total de 1.682.004 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento como funcionarios de carreira de sete bombeiros-condutores.**

Apróbase o nomeamento.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias e gratificacións por servizos extraordinarios.**

Apróbase o aboamento de horas extraordinarias a diverso persoal.

**16.- Aboamento de plus de transporte.**

Infórmase sobre o pagamento dun plus de transporte a persoal do Mercado Nacional de Gando.

**17.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación dos gastos e ingresos das actividades da rede sociocultural de outubro, novembro e decembro de 2006.**

Apróbase a relación de gastos, por importe de 71.000 euros, e de ingresos, por importe de 20.465. Os gastos financiaranse con cargo aos convenios co Consorcio de Santiago e coa Deputación da Coruña.

**18.- Dar conta da corrección de erro no punto número 21 da Xunta de Goberno Local de 2.10.2006.**

Dáse conta da corrección.

**19.- Aprobación prego e inicio expediente de contratación do Servizo de desenvolvemento de obradoiros para a promoción da lingua galega entre os estudantes de ensino secundario.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 22.500 euros. Así mesmo, apróbase un gasto de 2.200 euros para o deseño e emisión dunha campaña publicitaria audiovisual cunha compañía de televisión local.

**20.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro de 75 chaquetóns de intervención destinados ó persoal do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela.**

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 45.750 euros.

**21.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto de reurbanización da rúa Valle-Inclán.**

Apróbase o proxecto de reurbanización da rúa Valle-Inclán, cun prazo de execución de 12 meses; encoméndaselle ao Consorcio a execución das obras; e noméase ao arquitecto municipal Enrique Seoane Prado como técnico responsable da supervisión da execución das obras autorizadas.

**22.- Dar conta pola concelleira delegada de Sanidade da concesión dunha subvención ao Concello para actividades de voluntariado no Refuxio de Bando.**

Dáse conta dunha subvención concedida pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o fomento e realización de actividades de voluntariado no Refuxio de Bando, por unha contía de 2.116 euros.

**23.- Dar conta da concesión dunha subvención por parte da Consellería de Traballo para a execución de diversas accións formativas dirixidas a traballadores desempregados (Plan FIP 2006).**

Dáse conta da concesión dunha subvención da Consellería de Traballo por un importe total de 71.145 euros, que se desglosa da seguinte maneira:

- Francés para a actividade empresarial: 9.450 €.
- Inglés para a actividade empresarial: 9.450 €.
- Emprendemento e desenvolvemento de proxectos innovadores: 13.320 €.
- Práctica contable adaptada ao novo marco normativo internacional: 13.320 €.
- Práctica fiscal para o sector empresarial: 13.320 €.
- Asesor financeiro: 12.285 €.

**URXENCIAS**

- Autorízase á Asociación Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos da Coruña a celebrar o “Salón do Automóbil de ocasión e importación *Ciudad de Santiago*”, no Recinto Feiral de Amio os vindeiros días 3, 4, e 5 de novembro.

- Apróbase o convenio de colaboración coa Fundación La Caixa para a ubicación dunha carpa de 300 metros cadrados da Fundación (para o desenvolvemento do programa “Xuventude. Moito que dicir”) no paseo central da Alameda en Santiago, que estará aberta ao público desde o 7 ao 27 de novembro de 2006.

- Apróbase a ampliación do servizo de limpeza de vía pública durante os festivos e domingos dos meses de novembro e decembro, por un importe de 4.390,85 euros.

- Acórdase outorgar a ASPANAES a concesión sobre a antiga escola de Carballal (Vilvestro) para a implantación dun Centro de Día para enfermos de espectro autista.